

MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO E EMPRESA, INE.
Grupo de Traballo do INE

DESMANTELANDO O INE

Neste trimestre van a adxudicar case nove millóns de Euros para a realización de traballos estatísticos por parte de empresas privadas, entre eles, algunha das enquisas insignia do INe, como PF, EPA, Condicións de Vida ou a de Características Esenciais da Poboación e as Vivendas (ECEPOV) que antes chamabamos Censo de Poboación, por nada menos que catro millóns e pico de Euros. Despois preguntádevos porque cada vez somos menos. Veremos cantos destes traballos temos que revisar ou refacer nos.

Esta campaña privatizadora difire totalmente coa preocupación polo persoal propio, alomenos co persoal dos grupos inferiores. As decisións relativas á mellora das nosas condicións de traballo ou ó cumprimento da legalidade vixente seguen en mans do Consello de Dirección, que se está auto outorgando todas as competencias en materia de xestión de persoal para non facer absolutamente nada, máis ben parecería que nos convidan a marchar ou a extinguirnos, sobre todo no caso do persoal laboral. Neste senxo, destacamos:

- Mentres o resto de Ministerios e Organismos da AXE están realizando asignacións de complementos salariais para o seu persoal, nalgúns ministerios levan presentados e aprobados máis de 10 expedientes, no INE o Consello de Dirección segue retrasando a presentación do expediente de asignación do complemento E1.c para o persoal de campo, un complemento de dispoñibilidade horaria para o persoal de tarde e outras propostas presentadas pola parte social, similares ás aprobadas noutros ámbitos, e que dito Consello está dilatando ate que xa non exista posibilidade para a súa asignación.
- Da proposta presentada por toda a parte social para establecer un sistema de produtividade por obxectivos que poida chegar a todo o persoal do organismo de xeito máis xusto. Nada de Nada.
- Tampouco aclaran cal vai a ser a solución para determinar as funcións do persoal que supere o proceso de troco de réxime xurídico, e agora tamén existen problemas para concretar, nas retribucións do persoal funcionarizado, a garantía salarial.
- Por se isto era pouco, parece que no medio prazo, o persoal laboral da AXE se vai recuperar a xubilación parcial, pero non está moi claro que vai a pasar co INE, no que o persoal do Anexo II volvemos a estar no candeeiro. Desde a CIG instamos ó INe, o Ministerio e a Función Pública a que lembren que temos o mesmo dereito á xubilación parcial que o resto de traballadoras e traballadores do convenio.
- Con respecto á identificación dos postos de persoal laboral e funcionario, cunha clave na RPT, para que se valore o coñecemento acreditado do galego, nos comunican que van a iniciar o proceso. Esperamos que sexa certo xa que cada vez está máis próxima a posibilidade de asignación dalgún complemento salarial para esta tipoloxía de postos, tal e como vimos reclamando desde a CIG desde fai anos.

Noutra orde de cuestións, infórmannos do posible traslado da Delegación do INe da Coruña a un local en Elviña que parece que cumpre coas necesidades da delegación, pero pendente do preceptivo estudo do radon. De todos os xeitos, o traslado non sería inmediato xa que o local require de obras de adecuación.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota.